

ACTA DE CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 14 DE XUÑO DE 2018

Na cidade da Coruña, na sede do Consello Escolar, sito na rúa Orzán, 21, sendo as 17:30 horas do día 14 de xuño de 2018, reúnese en sesión ordinaria o Consello Escolar Municipal (CEM) coa **asistencia dos seguintes membros:**

PRESIDENTA: Silvia Cameán Calvete. Concelleira de Xustiza Social e Coidados

SECRETARIO: Belisario Sixto San José. Xefe de Servizo de Educación

CONSELLEIROS:

- Fermín Álvarez Lata (Xefe do Servizo Territorial de Inspección da Coruña)
- Luis Villaverde López (Catedrático de ensino secundario)
- Isabel Piñeiro Cabalo (membro da AS-PG)
- Javier Rouco Ferreiro (membro de Nova Escola Galega)
- Héctor Pose Porto (Profesor universitario)
- Ana Isabel Sanclaudio Luhía (FAPA centros públicos)
- Jorge Arangüena Sande (FAPA centros privados- concertados)
- Mercedes Queixas Zas (CIG)
- M^a José Couso Pita (CCOO)
- Emilio Joaquín Veiga Río (Director CEIP S. Francisco Xavier y Pte. Asoc. Provincial de Directores de centros públicos da Coruña)
- Jaime Mañá Castro (FSIE)
- Raquel Méndez Fernández (FETE UGT)
- Paula Gómez del Valle y Gómez (STEG)

Non asisten:

- Celestino Pérez Recarey (Experto. Exdirector do CEFOR)
- Natalia García Suárez (FAPA centros públicos)
- Juan Lage Fernández Cervera (FAPA centros privados-concertados)
- M^a Dores Fernández López (CIG)
- Patricia Varela Fernández (CIG)
- Enrique Martínez Mato (FSIE)
- Rosa M^a Urbano Rey (ANPE)
- Manuel Gajino Cousillas (Vicedirector do IES Urbano Lugo)
- M^a Luisa Varela Insua (Presidenta da Fed. AAVV da Coruña e Área Metropolitana)
- Daniel Cameselle Caride (FAPA centros públicos)Presidente Fed. ANPAs centros públicos
- Guillermo Saavedra Sánchez (CCOO)

A presidenta dálles a benvinda aos asistentes e comeza coa exposición da orde do día:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA ANTERIOR (DE DATA 6 DE ABRIL DE 2016)

Apróbbase por unanimidade

2.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE REXIME INTERNO DO CEM, PARA CAMBIAR O QUORUM

A presidenta propón modificar o regulamento do CEM no que atinxe ao quorum, para evitar ter a non celebración de consellos cando sen chegar á presenza da maioría absoluta da/os súas/seus integrantes haxa un número significativo delas/es.

Para tal efecto, somete a consideración do Consello a posibilidade de que se fixe un quorum de maioría absoluta das persoas integrantes na primeira convocatoria e, no caso de non se acadar, considerar unha segunda convocatoria transcorridos 30 minutos da primeira na que podería quedar constituído o órgano cando estean presentes un terzo das persoas que o integran, a consideración da presidencia.

A totalidade das persoas presentes amósanse a favor do cambio proposto. Con todo, Jaime Castiñeiras indica que sería preferíbel someter a consideración esta cuestión cando estivesen presentes todas/os integrantes ou, cando menos, case todas. A presidenta concorda co dito, pero pon de manifesto a dificultade de poder facelo así.

Emilio Veiga pide que as convocatorias se envíen cunha semana de antelación. A presidenta indica que ao inicio do vindeiro curso enviaranse as datas previstas para a celebración dos consellos ordinarios do mesmo.

En consecuencia co anterior, a presidenta manifesta que, por contar co respaldo unánime do Consello, iniciará os tramites para a modificación do Regulamento, que terá que ser aprobado polo Pleno da Corporación.

3.- OBRAS A REALIZAR NO VERÁN DE 2018

Infórmase ao Consello da previsión de obras para o 2018. Son un total de 8 obras adxudicadas neste ano e 6 adxudicadas no 2017. Todas elas serán con cargo aos créditos iniciais de 2018.

Tamén está previsto licitar 5 obras con cargo a modificacións de crédito para investimentos financeiramente sustentábeis (IFS).

Finalmente, para o caso de sexa posíbel a incorporación de remanentes de 2017, 5 obras máis.

O importe total do investimento representa 1.480.520,86 €

Emilio Veiga apunta a necesidade de instalar liñas de vida nos centros nos que non estean instaladas. A este respecto infórmase de que nos cambios de cubertas dos que se está facendo cargo o Concello xa se inclúe no proxecto de obra a colocación de liñas de vida. Por outra banda, como xa se lle informara esa mesma mañá na xuntanza co dirección da Asociación de directoras/es, encargouse un proxecto para instalar as liñas de vida naqueles centros onde non existen.

Mercedes Queixas sinala a necesidade de que se amplíe o patio cuberto do CEIP Alborada. Indícaselle que esa obra correspóndelle á Xunta segundo o reparto relativo á construción de patios cubertos subscrito entre ambas administracións. Malia o dito, o Concello encargou un proxecto para o caso de que a Xunta non afronte a construción do dito patio.

4.- MANTEMENTO E LIMPEZA

Indícase que o nivel de satisfacción ao respecto do mantemento dos colexios é alto; non así ao respecto da limpeza. Sobre esta cuestión insítese na necesidade de que os centros comuniquen por escrito os incumprimentos da adxudicataria, para poder adaptar as medidas previstas no contrato coa empresa adxudicataria do servizo.

5.- MEMORIA DE 2017 DO SERVIZO MUNICIPAL DE EDUCACIÓN

Infórmase ás persoas asistentes do contido da memoria do Servizo Municipal de Educación do ano 2017. Aclárase que se refire ao ano natural e non ao cursos 2017/2018.

A concelleira pon de relevo o posta en marcha do programa educativo de Patios abertos, así como a continuidade de O Noso Patio.

6.- PROGRAMA AO MEU XEITO 2018

A concelleira informa sobre a posta en marcha dun novo programa educativo que ten como finalidade fomentar a participación da comunidade educativa no deseño dos programas educativos municipais, adaptando a oferta ás necesidades de cada centro.

Emilio Veiga considera que o programa repercute en beneficio do alumnado e que é positivo.

Mercedes Queixas pregunta se a intención é convocar edicións do programa con carácter periódico. Contéstaselle que si: a previsión é realizar unha convocatoria para o primeiro trimestre do curso e outra para o segundo e terceiro.

7.- ROLDA DE INTERVENCIÓNS

Héctor Pose fai unha reflexión sobre o programa educativo O Noso Patio, que xa está sendo obxecto dun traballo de fin de mestrado e pode que o sexa dunha tese de doutoramento.

Héctor Pose indica que os días nos que se celebraron as ABAU houbo un problema de tráfico, que era previsíbel, e que non había Policía Local para regulalo. Silvia Caméan contesta que se pasará o aviso ao responsábel da Policía Local para que o teña en conta en vindeiras ocasións.

Juan Lage amosa a súa preocupación pola redución no importe das bolsas de comedor nos centros concertados. Silvia Cameán aclara que non houbo reducións no importe das bolsas.

Juan Lage informa que no CPR Plurilingüe Esclavas Sagrado Corazón de Jesús están pendentes dunha licenza urbanística para realizar unha obra no colexio que era conveniente realizar no verán. Silvia Cameán indica que xa estaba ao tanto. A obra require estudo de detalle e que por razóns urbanísticas non se pode iniciar neste momento.

Fermín Álvarez informa sobre o proceso de admisión para o curso 2018/2019. Ofertáronse 2.105 prazas e presentáronse 1.911 solicitudes. O 96% das mesmas (1.819) adjudicáronse na primeira opción, 38 na segunda, 17 na terceira e 7 sen opción ou en opción distinta á solicitada.

Tamén indica que para o vindeiro curso non se pechou aula ningunha.

Ana San Claudio pregúntalle a Fermín Álvarez polo CEIP Novo Mesoiro. Se pode dar información ao respecto do comedor e de madrugadores. Contesta que madrugadores non é da Xunta e en canto ao comedor, que o centro contará coas instalacións. O primeiro ano de funcionamento do centro a Xunta non asumirá a súa xestión, pero que despois poderán solicitar que o asuma. Tamén informa ao respecto do servizo de transporte, que se ofertará ao alumnado que cumpra os requisitos.

Silvia Cameán pregunta se o centro vai dotado de cociña. Fermín Álvarez contesta que neste momento non dispón desa información.

Ana San Claudio pregunta se se vai poder abrir comedor no IES Otero Pedrayo. Fermín Álvarez indica que nos IES non hai comedores. En todo caso, poderían darse comidas no caso de que a concesionaria da cafetería o oferte.

Silvia Cameán pregunta polo comedor do IES de Elviña. Fermín Álvarez contesta que a situación vaise analizar nunha comisión creada en Servizos complementarios.

Emilio Veiga indica que o comedor é un servizo cada vez máis demandado polo que é importante que haxa unha previsión ao respecto por parte das Administracións. Contéstaselle que sobre esta cuestión xa fora informado esta mañá por parte da Concellaría na xuntanza periódica coa directiva da Asociación de Directores, na que se lle indicou que o Concello decidirá encargar os proxectos de modificación de comedores co requisito de que teñan unha dimensión abondo, de tal xeito que poidan dar servizo ao 50% do alumnado escolarizado; fíxose así no proxecto de comedor para o CEIP Curros Enríquez e se está facendo así no proxecto de comedor para o CEIP Ramón de la Sagra.

Ana San Claudia indica que é necesario garantir que non sexa público quen son as/os beneficiarias/os das bolsas de comedor. En concreto, que as ANPAS non teñan esa información, para evitar que se lle poñan etiquetas ás/os menores beneficiarias/os. Silvia Cameán concorda e indica que se verá como facelo e insiste na necesidade de facer unha labor pedagóxica para non marcar ás/aos nenas/os.

Héctor Pose propón que o Concello participe dalgún xeito nos actos de gradación nos institutos, para lles dar un sentido educativo, pois están trasladando uns valores que non parecen positivos. Silvia Cameán indica que o Concello podería entrar na organización destes eventos se os centros o solicitan a través do programa Ao meu xeito.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesións ás 18.52 horas no lugar e data *ut supra*.

A presidenta

O secretario

Silvia Cameán Calvete
Terceira Tenente de Alcalde,
Área de Xustiza Social e Coidados.

Belisario Sixto San José
Xefe do Servizo Municipal de Educación